

## El pato y la muerte

· Wolf Elbruch, Moka

*Seco Reg (trad) ·*

Barbara Fiore Editora,

2007 · 32 páx · 15 euros



**ESOUTRA CARA DA VIDA** que é a morte é un lugar que, erroneamente, insistimos en lles ocultar aos nenos nun absurdo intento de protexelos de algo que só aos adultos nos pon medo. Wolf Elbruch preséntanos aquí un diálogo que manteñen un parrulo e a morte. Un diálogo cheo de intelixencia e que contén todas as preguntas -mesmo as que non teñen resposta- e moitas das respostas que nos facemos todos diante da idea da morte. Preguntas que conteñen a inxenuidade e a inocencia dos nenos cando inquiren porque queren saber que é aquilo do que non lles queremos falar, aquí a morte, noutras horas o sexo.

A fermosa historia está contada coa mestría gráfica de Wolf Elbruch, o importante ilustrador alemán que obtivo o Premio Andersen en 2006, desde a belísima portada que nos fai lembrar o *Paxaro no espazo* ou a *Maiastra* de Brancusi até páxinas interiores ocupadas coa única presenza de ambos protagonistas sobre fondos brancos, só de cando en vez rotos por algún detalle vexetal e moi pouco máis. Será no final onde un ceo estrelado e o río introducen a mancha azul que os fai destino e camiño. As figuras, case monocromas, toman vida por medio dos lapis de cores que contornan os corpos e danlles volume.

Ningún pai ou mai debe perder a oportunidade de falar deste álbum co seu fillo ou filla pequenos, será para todos un momento inesquecible. **//X. P. D.**